

Administración



Mm

MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

- ¿O marisqueo é unha actividade empresarial?
- ¿Quen debe declarar?
- ¿Por que hai impostos?
- ¿Canto teño que pagar á Seguridade Social?
- ¿Como me protexe a Seguridade Social?
- ¿IVE?

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Innovación e
Desenvolvemento Pesqueiro



Coordinación:

José Antonio García Villanueva
Matilde Alonso Acosta
Antonio Rodríguez Fernández
Beatriz Villar Cedrón

Autores:

Montserrat Castro Vázquez
Belén Escariz Pérez
M^a Visitación Iturralde de la Fuente
Salvador Lago Cordo
M^a Luz Lamas Ferreiro
M^a José Lopez Barral
Félix Lorenzo de Dios
Esperanza Martínez Bouzas
M^a do Carmen Novoa Valiñas
Maximina Pereira Rodríguez
María Rioboo San Luis
M^a Anxeles Santorum Pérez

Supervisión:

Elisa Gago Moldes
Jesús Pérez Alén
Juan Codesido Villar
Concepción Blanco Louro

Debuxos:

Tangaraño

Deseño e maquetación:

Ninfa e Riveiro

Fotomecánica:

Resolución

Impresión:

Litonor

D.L.: C-2669-2002
ISBN: 84-453-3372-0

Agradecimentos: A tódalas persoas que contribuíron cos seus coñecementos e aportacións a realización deste manual .

ADMINISTRACIÓN

¿O marisqueo é unha actividade empresarial?

¿Quen debe declarar? ¿Por que hai impostos?

¿Canto teño que pagar á Seguridade Social?

¿Como me protexe a Seguridade Social?

¿IVE?

18.- MARISQUEO E XESTIÓN

O marisqueo é unha profesión, outra das moitas que hai no mundo. Sabemos que calquera persoa que traballa, ben sexa pola súa conta (como un armador) ben sexa para outro (como un empregado dunha conserveira), ten a obriga de cumprilas leis do Estado e as da Autonomía á que pertence (as de Galicia, no noso caso).

Na nosa profesión, no marisqueo, as leis que nos afectan son moi diferentes, pero están moi relacionados entre si. Vexámolas de seguido:

PRIMEIRO: as mariscadoras, polo noso traballo, temos obrigas coa FACENDA PÚBLICA. ¿Por que? Porque o marisqueo é unha actividade empresarial, como pode se-la dunha hostaleira ou a dun armador, o que fai que esteamos obrigadas a declarar.

O Ministerio de Economía e Facenda é quen recada os impostos que pagamos. Eses impostos volven a nós en forma de investimentos e prestacións (por exemplo, cos cartos dos impostos páganse as obras públicas, a vivenda a iluminación pública, etc.).

SEGUNDO: as mariscadoras, como empresarias que somos, tamén lle pagamos á SEGURIDADE SOCIAL. E, ¿a onde van eses cartos? Esa cota coa que nós

contribuímos cada mes serve, entre outras cousas, para que, chegado o caso, teñamos unha pensión de xubilación, ou tamén para ter dereito a unha paga cando esteamos de baixa por enfermidade ou accidente.

O ministerio encargado deste tema é o de Traballo e Asuntos Sociais, que, no caso do mar, está xestionado polo *Instituto Social da Mariña*.

19.- FISCALIDADE

19.1.- O IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (I.V.E.)

O imposto sobre o valor engadido (IVE) grava o CONSUMO, é dicir:

1.- Grava os **SERVICIOS**: por exemplo, cando collémo-lo bus, no billete estamos pagando o prezo da viaxe e mailo IVE, porque o transporte é un servicio que se nos presta.

2.- E grava a **TRANSMISIÓN DOS BENS**: é dicir, págase cando hai unha compra ou unha venda. Así, cando mercamos unha chaqueta, no prezo inclúese o I.V.E., porque estamos a face-la compra dun ben.

¿COMO SE CALCULA O IVE?

O IVE é unha cantidade, unha porcentaxe que pode ser:

- Do 16%, que é o que se lles aplica ós produtos e servicios en xeral.
- Do 7%, que é o que se lles aplica ós produtos de alimentación.
- Do 4%, que é o que se lles aplica ós produtos de primeira necesidade, como o pan, o leite, as menciñas, os libros...

Por exemplo: unha barra de pan custa, en principio, 0,45 €€ Como o pan é un produto de primeira necesidade, hai que lle aplica-lo IVE do 4%. Entón, esa barra ó final custaríanos:

Importe inicial (base)	0,45	€
IVE (4% sobre 0,45 €):	0,02	€
Importe total:	0,47	€

Unha chaqueta vale 18,00 €. O tipo que se lle aplica, ó ser un produto xeral, é do 16%. Logo, o prezo final que nós pagaríamos sería:

Importe inicial (base)	18,00	€
IVE (16% sobre os 18,00 €):	2,88	€
Importe total:	20,88	€

Daquela, a cantidade (quilos ou unidades) multiplicada polo prezo é a **BASE** da factura.

Vemos, entón, que para calcula-lo IVE aplicamos unha **PORCENTAXE** sobre o importe inicial do produto (sobre a **base**). Ó facer iso, obtemos unha cantidade (a contía do IVE). Por último, sumámo-lo importe inicial e a **cota** do IVE e xa témo-lo **IMPORTE TOTAL DA FACTURA**, é dicir, o que debemos pagar ou cobrar.

Pois ben, a esas operacións chámaselles “**DESAGREGACIÓN DO IVE**” e é obrigatorio facelas nas facturas.

OS RÉXIMES DO IVE

Pero, seguindo cos exemplos do pan e da chaqueta..., ¿quen foi ó final o que pagou o IVE? ¿Pagouno a panadeira ou quen nos vendeu a chaqueta, ou pagámolo nós? O IVE, ó final, correu da nosa conta, dos clientes. Os vendedores tiñan un prezo marcado ó que lle engadiron despois o imposto.

Mais iso non é de todo certo. Porque no caso do panadeiro, se quere facer pan, ten que comprar fariña. E o vendedoro de chaquetas, antes de vendérnola a nós, tivo que comprarlle a alguén. E cando eles compran fariña e roupa, tamén, á súa vez, pagan o IVE ó almacén ó que lles subministrou o produto.

Así que, a fin de contas, panadeiro e vendedor de roupa ven o IVE por dúas veces:

1. O que lles cargan cando compran ó almacén, e que **PAGAN ELES** (chámase **IVE SOPORTADO**, porque o *soportan* eles).
2. O que lles cargan eles ós seus clientes cando venden o produto, e que **PAGA O CLIENTE** (chámase **IVE REPORTADO OU REPERCUTIDO**, porque o *repercuten* sobre o cliente).

Ese é o **RÉXIME XERAL** do IVE, o máis corrente. As persoas que están neste réxime xeral teñen que calcula-la diferenza (restar) o que elas pagaron de IVE ós seus provedores (IVE soportado) do IVE que recibiron das súas vendas ós clientes (I.V.E. reportado ou repercutido).

Esas cantidades de IVE soportado, IVE repercutido e a diferencia entre un e outro, decláranse a Facenda cada tres meses por escrito nun impreso, ou modelo que é o Modelo 300.

Exemplo: o panadeiro mercou fariña, levadura, sal e outros productos a distintos almacéns para face-lo pan. Por todos eles pagou nun trimestre un IVE de 125 € (compras- IVE soportado), pero cobrou 600 € no IVE dos productos que vendeu.

Se resultara que a cantidade final é positiva (é dicir, se o panadeiro vendera máis do que tiña comprado), tería que face-lo pago deses cartos a Facenda.

Se, pola contra, o panadeiro vendera menos ós seus clientes do que lle tiña comprado ó almacén, entón debería solicitar de Facenda que lle devolverse ou compensara as cotas do IVE

Por último, cada ano faise un resumo de todo o que se veu declarando cada trimestre noutro impreso, o Modelo 390, ata o 30 de xaneiro do ano seguinte.

The image shows a screenshot of the Spanish tax form Modelo 390, titled 'Impuesto sobre el Valor Añadido - DECLARACIÓN RESUMEN ANUAL'. The form is from the Agencia Tributaria and includes the following sections:

- Header:** Agencia Tributaria logo, 'Impuesto sobre el Valor Añadido', 'DECLARACIÓN RESUMEN ANUAL', and 'Pag. 1' with the number '390'.
- Identification:** Fields for 'Número de identificación del contribuyente', 'Código de identificación del contribuyente', 'Declarante', and 'Ejercicio'.
- Address:** Fields for 'Calle, P.O. Box, P.O. Box, P.O. Box', 'Número', 'P.O. Box', 'P.O. Box', 'Código postal', 'Provincia', and 'País'.
- Table:** A table with columns for 'Código de identificación del contribuyente', 'Fecha', 'Importe', and 'Aplicación I.V.A.'. The table is currently empty.
- RÉGIMEN DE DEDUCCIONES:** A section with checkboxes for 'Regímen general', 'Forfección definitiva de privilegio general', and 'Forfección especial'.
- DECLARACIÓN CONJUNTA:** A section with a checkbox for 'Declaración conjunta' and a checkbox for 'Forfección definitiva de privilegio general'.
- Footer:** Agencia Tributaria logo and 'Compartamos la Administración'.

Neste réxime é obrigatorio leva-los libros das facturas emitidas e recibidas.

Como o noso é un sector especial -ó que non lle acae moi ben o réxime xeral que acabamos de ver- a Administración dispuxo doutro réxime máis adaptado ó marisqueo: é o **RÉXIME ESPECIAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA**.

A diferenza co réxime xeral é que, no especial, non podemos compensa-las cotas de IVE soportado e IVE repercutido, co que xa non témo-la obriga de presenta-lo Modelo 300 nin o resumo anual ou Modelo 390.

Este réxime é especial porque inclúe unha cantidade, a chamada **COMPENSACIÓN Á ACTIVIDADE**, que actualmente é o 7% sobre o importe das capturas. O importante é que as mariscadoras non temos que devolver esa cantidade a Facenda, senón que quedamos con ela.

Por exemplo: vendemos 3 quilos de ameixa babosa a un comprador a un prezo de 7,75 €/kg.

Aplicando a compensación de actividade, a desagregación do IVE sería:

Importe inicial (base):	$7,75 \times 3 =$	23,25 €
Compensación de actividade (7% sobre 23,25)	=	1,63 €
Importe total	=	24,88 €

O comprador pode liquida-la compensación de actividade como o IVE soportado.

MODELO DE RECIBO, ALBARÁ OU FACTURA PARA O RÉXIME ESPECIAL:

María Aprende Facendo

Nº.-

Mariscadora

Enderezo:

NIF:

Comprador: Lonxa da confraría

CIF do comprador:

Enderezo: Peirao do Sul.

Data: 29.03.02

10 kg. berberecho	3	30,00 €
Comisións ⁽¹⁾	7% s/30	-2,10 €
Tarifa G4 ⁽²⁾	2% s/30	0,60 €
	Base	28,50 €
Compensación réxime especial AGP		
	7% s/28,5	2,00 €
	TOTAL FACTURA	30,50 €
	Retención Tarifa G4	0,60 €
	LÍQUIDO A PERCIBIR	29,90 €

(1) As lonxas poden aplicar unha comisión comercial sobre o produto.

(2) A tarifa G4 é unha cantidade que se lle paga á Autoridade Portuaria pola descarga de pesca fresca. Forma parte da base do IVE, polo que ten que pagala o comprador da mercadoría. Nalgunhas lonxas retense o importe da tarifa para garanti-lo seu ingreso, que corresponde ó propietario da mercadoría.

Hai que levar un rexistro (Libro) das vendas realizadas neste réxime especial do IVE de Agricultura, Gandería e Pesca.

19.2.- O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF).

O IRPF é un imposto **progresivo** (canto máis se gaña, máis se paga) que grava a riqueza das persoas.

As actividades empresariais e profesionais teñen que estar incluídas obrigatoriamente nalgún dos réximes seguintes:

- 1.- Estimación **DIRECTA**, que pode ser normal ou simplificada.
- 2.- Estimación **OBXECTIVA**, por índices, módulos ou signos.

- O marisqueo atópase no primeiro réxime (**estimación directa**). Se os nosos ingresos non pasan dos 100 millóns de pesetas, estariamos dentro da modalidade **simplificada** do imposto. Se fosen superiores a eses 100 millóns, entraríamos dentro da modalidade **normal**.

¿Como calculariámo-lo imposto? Temos que ver cál foi o beneficio que obtivemos da nosa actividade (o **rendemento**), e iso sabémolo restando os **ingresos** (as vendas) e os **gastos deducibles** (as compras, os gastos de Seguridade Social...).

- No outro caso, no réxime de **estimación obxectiva**, no que estarían, por exemplo, as perruquerías, as tendas ou os bares, o rendemento determínase polos medios utilizados no negocio (é dicir, a potencia de luz, os metros cadrados do local de negocio, o número de traballadores...). A lei é quen sinala para cada ano o valor deses **módulos**. Hai algunhas actividades que están incluídas obrigatoriamente neste réxime.

O IRPF declárase a Facenda cada tres meses por escrito nun impreso que é o Modelo 130: son os chamados **pagos fraccionados**, que supoñen un adianto ou pago a conta. Ese “adianto” é do 2% sobre os ingresos que obtivemos no trimestre.

O Modelo 130 tense que presentar obrigatoriamente nos vinte primeiros días do mes seguinte ó trimestre que corresponda, excepto o 4º. trimestre (do 1 ó 30 de xaneiro do ano seguinte).

Mesmo no caso de que estiveramos unha tempada sen traballar e non houbera ingresos no trimestre, é obrigatorio presenta-lo Modelo 130.

Cada ano facémo-la declaración da renda, na que indicamos:

1. O **RENDEMENTO** (os beneficios que obtivemos na nosa actividade): ingresos menos gastos.
2. Sobre ese rendimento, aplicámo-la **PORCENTAXE** (escala) que nos corresponda: así obtémo-la **COTA DO IMPOSTO**.
3. Agora podemos aplica-las **DEDUCCIÓNS** sobre a cota (os fillos, a vivenda, os investimentos...) resultando a **COTA LÍQUIDA DO IMPOSTO**.

Tanto a porcentaxe (escala) como as deducciós determinanse para cada período por lei.

4. Así xa teríamos, en principio, o que debemos pagar do imposto. Pero iso non é todo, porque nós xa lle adiantamos a Facenda, a través dos pagos fraccionados, unhas cantidades a conta. Logo á cota líquida restámoslle eses pagos fraccionados trimestrais e outras retencións que houbera.

A cantidade resultante é a **débeda tributaria**, e pode ser:

POSITIVA: se a declaración sae “a pagar”, co que lle temos que aboa-la diferenza a Facenda.

NEGATIVA: se a declaración sae “a deber”, caso no que é Facenda quen devolve os cartos.



TRIMESTRALMENTE, presentamos en Facenda os impresos seguintes:

1. IRPF pago fraccionado. Actividades empresariais en estimación directa. Modelo 130
2. IVE: Modelo 300 (unicamente quen estea incluído no réxime xeral).
3. Libro-rexistro: como mínimo cada trimestre debemos comproba-lo rexistro de tódalas facturas feitas no período e concilia-las liquidacións:
As do réxime xeral: libro-rexistro de vendas, gastos...
As do réxime especial: rexistro de vendas.

E, ANUALMENTE:

1. Resumen anual do IVE Modelo 390: unicamente no réxime xeral durante o mes de xaneiro do ano seguinte.
2. Declaración anual de operacións con terceiros. Modelo 347:

Formulario Modelo 347 de Declaración anual de operaciones con terceros. El formulario incluye el logo de la Agencia Tributaria, el número de modelo 347, un código de barras con el número 347900361756-4, y varias secciones para declarar operaciones con terceros, incluyendo datos de identificación, declaración complementaria, y un cuadro de clasificación de operaciones.

→ Réxime especial do IVE: declaración das **COMPRAS** superiores a 3.005,06 euros cunha mesma persoa.

→ Réxime xeral: Declaración de tódalas **COMPRAS E VENDAS** superiores a 3.005,06 euros cunha mesma persoa.

Declárase durante o mes de marzo do ano seguinte.

3. **A declaración ordinaria da renda. Documento de ingreso ou devolución.**
Durante maio e xuño do ano seguinte.

20.- A SEGURIDADE SOCIAL: RÉXIMES; O RÉXIME ESPECIAL DOS TRABALLADORES DO MAR (REM); AS PRESTACIÓNS; OS CONVENIOS ESPECIAIS.

Á Seguridade Social debemos cotizar todas. O feito de cotizar é o que nos dá dereito a cobra-la baixa cando estamos enfermas ou a cobra-la xubilación cando nos chegue a hora. Sen embargo, hai persoas que non cotizaron á Seguridade Social durante todo o tempo que a lei esixe para ter dereito a cobra-la pensión (**carencia**).

O sistema de seguridade social funciona gracias ás contribucións de empresarios e traballadores, que xerarán as prestacións **CONTRIBUTIVAS**. Para que non haxa, desigualdade social, os que non contribuíron (cotizaron) o suficiente ó sistema poden ser perceptores das prestacións que fixe o Estado ou as comunidades autónomas: son as chamadas prestacións **NON CONTRIBUTIVAS**.

O ministerio ó cargo da Seguridade Social é o de Traballo e Asuntos Sociais. Este ministerio ten, á súa vez, unhas *entidades xestoras*, como o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou o Instituto Social da Mariña (ISM), ás que lles corresponden as funcións de inscrición, afiliación, altas e baixas. A asistencia, sanitaria no caso de Galicia é xestionada polo Servicio Galego de Saúde (SERGAS).

OS RÉXIMES DA SEGURIDADE SOCIAL.

Hai varios réximes no sistema español de Seguridade Social:

- O Réxime Xeral, para tódolos traballadores por conta allea (os que traballan para outro).
- O Réxime Especial dos Traballadores Autónomos, para os que traballan por conta propia (empresarios e profesionais).

- O Réxime Especial do Mar (REM). Este réxime é para quen obtén do mar, directa ou indirectamente, o seu medio fundamental de subsistencia. Aquí, no REM están incluídos tanto os autónomos (traballadores por conta propia) como os empregados (traballadores por conta allea).

Outros réximes son o Réxime Especial Agrario, o dos empregados do fogar, etc.

O RÉXIME ESPECIAL DOS TRABALLADORES DO MAR (REM)

O campo de aplicación do REM no caso do marisqueo inclúe os traballadores que por conta propia realizan, de xeito habitual, persoal e directo a extracción de produtos do mar.

INSCRICIÓN, AFILIACIÓN, ALTAS E BAIXAS

A **inscrición** de empresas ou embarcacións é obrigatoria, como tamén o é a **afiliación** dos traballadores, sexan por conta propia ou allea. Tanto a inscrición como a afiliación tramítanse nas oficinas do ISM.

COTIZACIÓN

No caso do mar, segundo o tipo de traballo que se realice, hai tres grupos de cotización:

GRUPO I: Traballadores por conta allea en embarcacións de máis de 150 TRB.

GRUPO II: Traballadores por conta allea:

A: embarcacións de 50,01 TRB a 150 TRB.

B: embarcacións de 10,01 TRB a 50 TRB.

GRUPO III: Traballadores por conta allea en embarcacións menores de 10,01 TRB.

Traballadores por conta propia ou autónomos do mar: mariscadoras, redeiras, pequenos armadores.

A **base de cotización**, pola que debemos pagar mensualmente, son as remuneracións do traballador. Pero no caso dos traballadores por conta propia, esta base de cotización é fixada cada ano polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

As condicións especiais do traballo no mar favorecen que o Estado subvencione este réxime da seguinte maneira:

Grupo I: 2/3 de subvención.

Grupo II: 1/2 de subvención.

Grupo III: 1/3 de subvención.

Esta subvención chámase **coeficiente corrector** e abóase sobre o que correspondería pagar polas bases que se determinan por lei anualmente para cada grupo e categoría.

BASES DE COTIZACIÓN

Como mariscadoras que somos, podemos cotizar dentro do Grupo III (traballadoras autónomas), segundo dúas tarifas: a de tripulantes e a de técnicos:

ANO 1997 (A Coruña e Vigo)

Tarifa:	3 – técnicos		9 – tripulantes	
Base:	631		576	
Epígrafe:	Alta	Baixa	Alta	Baixa
Continxencias comúns:	59,50	59,50	54,40	54,40
Accidentes:	19,90	5,10	18,20	4,70
Formación profesional:	4,40	4,40	4,00	4,00
Total:	83,81	69,00	76,60	63,10

AS PRESTACIÓNS

A **ASISTENCIA SANITARIA E FARMACÉUTICA**.

A **INCAPACIDADE TEMPORAL**: no noso caso (Grupo III por conta propia) o REM cobre:

♦ As **continxencias comúns**: son a enfermidade común (unha gripe, por exemplo) e o accidente non laboral. Nestes casos cobraremos unha prestación ós 15 días seguintes á baixa, do 60% da base reguladora; e ós 21 días pasaremos a cobra-lo 75% desta.

Neste caso:

$$\text{Base reguladora} = \frac{\text{Base de cotización do mes anterior}}{\text{Días exactos do mes anterior}}$$

A carencia (tempo mínimo cotizado) é de 180 días nos últimos 5 anos.

♦ As **continxencias profesionais**: son a enfermidade profesional e o accidente laboral. Cobraremos o 75% da base reguladora dende o día seguinte á baixa. A base reguladora calcúlase coma no caso anterior.

Non require carencia, unicamente estar de alta.

A **MATERNIDADE**. Cóbrase no caso de parto e tamén nos de adopción e de acollemento previo.

A contía é do 100% da base reguladora, e a carencia é de 180 días cotizados nos últimos 5 anos.

Esta prestación dura, como máximo, 16 semanas (18 se o parto é múltiple). O pai tamén pode participar desta prestación nas condicións que a lei establece.



A **INCAPACIDADE PERMANENTE**: concédese cando hai unha diminución da capacidade física para a profesión habitual. Esa incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou gran invalidez:

PARCIAL: esta incapacidade non nos impide seguir traballando na profesión habitual, pero supón que temos, alomenos, un 33% de diminución da nosa capacidade física.

TOTAL: esta incapacidade é incompatible coa profesión habitual que viñamos exercendo, o que non nos impide traballar noutra distinta.

ABSOLUTA: é incompatible coa realización de calquera traballo.

GRAN INVALIDEZ: ó non poder valernos por nós, necesitámo-la axuda doutra persoa.



A **XUBILACIÓN**: a xubilación, en xeral, en España é voluntaria, sempre que teñámo-la idade para retirarnos. No marisqueo a pé establécese como idade forzosa para a xubilación os 65 anos.

O cálculo da base reguladora para a xubilación determínase en función das cotizacións dos últimos anos. Por exemplo, para o ano 2000, calcularíase así:

$$\text{Base reguladora} = \frac{\text{Suma das cotizacións (dos 144 meses anteriores)}}{168}$$

Segundo os anos cotizados, así será a porcentaxe da base que cobraremos. Se cotizamos 15 anos, cobrámo-lo 50% da base, e así gradualmente ata os 35 anos cotizados, caso no que cobraríamo-lo 100% da base reguladora.



MORTE E SUPERVIVENCIA: é a prestación que lles corresponde pola morte da **causante** (é dicir, da traballadora) ós seus fillos, ó cónxuxe e a outros familiares.

Ademais desa prestación, os sobreviventes reciben un pequeno auxilio por defunción.

Se o falecemento fose por causa dun accidente laboral ou por enfermidade profesional, correspóndelles ós **beneficiarios** recibir unha indemnización.

ASIGNACIÓN POR FILLO Ó CARGO.

Pode solicitarse esta prestación segundo os ingresos da unidade familiar cando se teñen fillos menores ó cargo.

Os CONVENIOS ESPECIAIS

No suposto de ter algo cotizado no REM e non poder seguir cotizando neste ou noutro réxime (por exemplo, incapacidade, emigrante retornado, etc.), podemos subscribir un convenio especial, que cobre as prestacións derivadas de continxencias comúns (enfermidade e accidente non laboral) e a xubilación.

O prazo para subscribi-lo convenio especial é de 90 días.

FOLLA DE AUTOAVALIACIÓN

¿É voluntario o réxime especial do IVE da agricultura, gandería e pesca?

.....
.....
.....
.....
.....

¿É necesario levar un rexistro das vendas?

.....
.....
.....
.....
.....

¿En que réxime se pode compensa-lo IVE dos gastos?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Como se determina o beneficio? ¿Que é o rendemento?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Quen debe face-lo pago fraccionado?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Cales son as obrigas fiscais trimestrais e anuais?

.....
.....
.....
.....
.....

¿A que idade é obrigatoria a xubilación?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Que pagamos na cota mensual da Seguridade Social?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Está subvencionado o réxime especial do mar?

.....
.....
.....
.....
.....

¿Que tipo de prestación é unha baixa por accidente non laboral?

.....
.....
.....
.....
.....

BIBLIOGRAFÍA:

Guía laboral 1998 y de asuntos sociales. Ministro de Trabajo e Asuntos Sociais, 1998.

Código da Seguridade Social. Aranzadi Editorial, 1997.

PYMES, nueva fiscalidad. Folleto informativo. Axencia Tributaria, 1998.

Guía para la declaración de la renta, 1998. Axencia Tributaria, 1999.

Legislación sobre el IVA. Editorial Tecnos, S. A.1994.

Mm

MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

